



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Descrición decreto: **EXPEDIENTE DE COMISIÓN DE SERVICIOS ENTRE FUNCIONARIOS DE CARREIRA DE DISTINTA CORPORACIÓN LOCAL PARA DIFERENTES PRAZAS DE POSTOS**

**EXPEDIENTE Nº 2021/G003/000216**

**DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).**

Por resolución da Alcaldía n.º 670/2020, de data 24 de novembro, resolveuse aprobar as bases reguladoras do procedemento de mobilidade funcional de empregados públicos, mediante a comisión de servizos voluntaria, para a cobertura temporal de dúas prazas vacantes de auxiliar administrativo/a da área de administración xeral e réxime interno e da área económico-financeira.

Vistas as actas da comisión de valoración de dito procedemento, en xuntanzas de xeito telemático, celebradas nas datas 1, 5 e 12 de marzo de 2021, nos que se propón á única candidata presentada, dona Montserrat Soto Soto, para o nomeamento tanto para o posto de auxiliar administrativo da área de servizos económicos, como para a área de administración xeral e réxime interno.

Vista tamén a providencia da Alcaldía de data 22 de marzo de 2021, na que se dispón, se realicen os tramites necesarios para a incorporación en comisión de servizos, da funcionaria cualificada como acta en dito proceso, adscribindo á mesma ao posto de auxiliar administrativo da área de administración xeral e réxime interno.

Considerando a atribución concedida a esta Alcaldía segundo o establecido no artigo 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Nomear a DONA MONTSERRAT SOTO SOTO, con DNI n.º- 32676044-J, para o posto de auxiliar administrativa do Concello de Ponte deume, funcionaria en réxime de comisión de servizos da área de administración xeral e réxime interno, escala de Administración xeral, grupo C2 do Concello de Ponte deume, polo período de tempo dun ano, prorrogable por un ano mais, nos termos previstos no apartado 3º do artigo 64 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, sempre que non se houbera procedido a súa provisión definitiva ou en réxime de interinidade.

**SEGUNDO.-** Dar traslado da presente resolución á interesada e ao Concello de Ames, aos efectos oportunos.

**TERCEIRO.-** Convocar á interesada para a presentación da documentación correspondente e citala para comparecencia para a toma de posesión o vindeiro xoves día 8 de abril de 2021 ás 9.00 horas.



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)  
CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695  
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - [www.pontedeume.gal](http://www.pontedeume.gal)



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**CUARTO.-** Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D<sup>a</sup> Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

FIRMADO POR Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 06/04/2021 13:18:00) , Ana Ramos Ramos (FECHA: 06/04/2021 13:20:00)

Decreto N°: 208/2021 - Fecha de decreto: 06/04/2021  
Versión imprimible

CVD: Uh4f33UAJwVx0rLX/rL3  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)  
CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695  
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - [www.pontedeume.gal](http://www.pontedeume.gal)